

PROXECTO EDUCATIVO

O proxecto educativo de centro recollerá os valores, obxectivos e prioridades de actuación.

REVISIÓN Nº :

DATA:

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 22 de febreiro de 2021

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 22 de febreiro de 2021

DATA 1ª REVISIÓN: setembro de 2023

DATA 2ª REVISIÓN:

A táboa de contido da páxina seguinte actualízase automaticamente. Desenvolver os puntos que están a partir da páxina 3 inserindo o texto despois de cada un deles. Ao remate do documento actualizar a táboa de contido co botón dereito.

CONTENIDO

Contenido.....	2
1. XUSTIFICACIÓN E BASE LEGAL.....	4
2. ANÁLISE DO CONTEXTO.....	6
2.1. RESUMO HISTÓRICO.....	6
2.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA.....	6
2.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	9
2.4. PROFESORADO.....	11
3. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE.....	11
3.1.- Confesionalidade.....	12
3.2.- Lingua de aprendizaxe.....	13
3.3.- Liña metodolóxica.....	14
3.4. Tratamento das competencias básicas.....	19
3.5. Valoración do noso Patrimonio cultural.....	20
3.6. Conciencia sobre o medio ambiente:.....	21
3.7. Responsabilidade tecnolóxica.....	21
3.8. Participación e democracia.....	22
3.9. Coeducación.....	22
3.10. Pluralismo. Valores democráticos.....	23
3.11. Inclusión.....	23
3.12. Xestión institucional (relacións centro-entorno).....	24
4. O CENTRO.....	27
4.1. INSTALACIÓNS.....	27
4.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO.....	29
4.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS.....	30
4.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	32
4.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	32
4.6. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	32
.....	32
5. OBXECTIVOS.....	34
A.- ÁMBITO CURRICULAR E DE INNOVACIÓN.....	34
B. ÁMBITO DA PARTICIPACIÓN E INTEGRACIÓN.....	37
C. ÁMBITO DE ORGANIZACIÓN E DA ADMINISTRACIÓN.....	38
D. ÁMBITO DE RECURSOS.....	39
6. ESTRUTURA ORGANIZATIVA.....	39
6.1. ÓGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS`.....	39

6.2.ÓRGANOS COLEXIADOS.....	40
6.3.ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	41
A. CCP.....	41
B. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	41
C. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	41
D. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	41
E. EQUIPO DE BIBLIOTECA.....	42
F. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC.....	42
G. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA.....	42
6.4.EQUIPO DE CICLO (INFANTIL).....	42
6.5.EQUIPO DOCENTE (PRIMARIA).....	43
7. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO.....	44
8. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.....	44

1. XUSTIFICACIÓN E BASE LEGAL

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE),(ratificada pola LOMCE) na línea 2 do art 120 (Cap.II) di: “Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro”.

Así mesmo, nas liñas 1 e 2 do art 121 e con respecto ao proxecto educativo, dise:

1. “O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas”.

2. “Este proxecto, que deberá ter en conta as características do ámbito social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción tutorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación”.

Normas educativas xerais:

-Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, do Dereito á Educación (LOE).

-Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.

-Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG, 8/05/07)

-Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

-Decreto 79/2010,do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

-Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG, 20/05/2011).

-Lei de Galicia 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

-Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).

-Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27/01/2015).

-Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Normas sobre Educación Infantil e Primaria:

-Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG, 21/10/96).

-Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 9/09/14).

- Orde de 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG, 10/06/2016)

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

2.1. RESUMO HISTÓRICO

O colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) do Foxo é un centro de ensino público pertencente á rede pública da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia situado no Foxo, Concello de A Estrada (Pontevedra).

Este Centro empezou a funcionar o xoves, 17 de maio de 1976. No momento no que se inaugurou o Colexio do Foxo coincidía cun instante de plena implantación da EXB, no que se obrigaba aos escolares desta zona a acudir a centros da Estrada para examinarse e no que as escolas unitarias acusaban múltiples carencias. Sumou a isto a soidade profesional dos mestres e mestras das aldeas, así como a falta de sociabilidade supraparroquial do alumnado. O novo Centro dou resposta a esta situación aínda que foi necesario moito esforzo para logralo. O empeño tivo recompensa e as familias non tardaron en comezar a matricular aos seus/súas fillos/as neste Colexio.

Nas novas aulas pasouse dun único profesor para o alumnado de todas as idades a clases nas que este se distribuiu en función da súa idade, nivelando coñecementos e pasando da vella enciclopedia á mochila chea de libros. O cambio trouxo consigo a chegada do transporte escolar e a relación entre escolares de diversas parroquias.

2.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA

O centro atópase preto da nacional 640, que une Silleda e A Estrada. Estamos a falar dun ámbito rural limítrofe co concello de A Estrada e a media hora aproximadamente de Santiago de Compostela. O colexio está situado no lugar do Foxo, parroquia de Rubín, Concello da Estrada.

O recinto escolar atópase nunha zona illada, rodeada polo monte e campo da festa e a estrada que vai de O Foxo a Rubín, existindo perigo para o alumnado á entrada e saída xa que a estrada é estreita e está ocupada en gran parte polos autobuses.

A este centro asisten os nenos e nenas das seguintes parroquias: Agar, Curantes, Olives, Pardemarín, Lamas, Rubín, Remesar, San Pedro e Sto. Tomé de Ancorados, Riobó, Berres, Callobre. Tamén acoden algúns alumnos/as de Sta Cristina de Vinseiro e de Orazo por residir en lugares que están máis próximos deste colexio cós que lle correspondería na súa zona. Nos últimos anos obsérvase un incremento considerable de alumnos residentes na propia Estrada e que son achegados ao centro polas familias. Estes/estas alumnos/as do casco urbano, maioritariamente, adoitan ser fillos/as de antigos alumnos do Centro, cuxos avós residen na zona educativa do Centro; polo que se facilita a conciliación da vida laboral e persoal.

Son moitas as pegadas do patrimonio cultural que están vinculadas a este Centro:

No mundo da literatura viviron na zona persoeiros relevantes como:

Os irmáns Valladares Núñez, Marcial e Avelina, esta última coñecida coma a cantora do Ulla, *“Unha muller humilde, sensible, bondadosa, cun espírito libertador e cunha forte dose de rebeldía que a levou -sendo unha señorita dunha das familias fidalgas con máis avoengo de Galicia- a superar os prexuízos existentes e mesturar a súa escrita en castelán cun feixe de poemas escritos en galego, nunha época na que a nosa lingua estaba aldraxada e os galegos tiñan vergonza de falar aos señores como falaban á súa nai ou aos seus fillos.”* (De Xosé Luna Sanmartín autor do libro *“Vida e obra da cantora do Ulla, Avelina Valladares Núñez”*)

Manuel García Barros, nado en Berres, pero que viviu na parroquia de Callobre, máis coñecido polo seudónimo “ken Keirades”, un galeguista que marcou profundamente a historia do noso pobo.

Manuel Daniel Varela Buxán, o patriarca do teatro galego, nado na parroquia de Lamas.

Tamén a arte románica deixa unha fonda pegada nas igrexas das parroquias vinculadas ao noso centro: Igrexa de San Martiño de Riobó, Santo Tomé de Ancorados, Santa María de Loimil, San Pedro de Ancorados, Santa Mariña de Agar, San Pedro de Orazo, San Cristovo de

Remesar. Todo isto ben documentado no libro “A Estrada Románica” da autoría de Xosé Luna Sanmartín

Outro persoeiro desta zona foi Ramón Vereá, nacido en Curantes, que como inventor fixo unha grande achega ao idear a primeira calculadora mecánica capaz de realizar multiplicacións directamente.

Asemade son moitas as referencias da pegada prehistórica na zona de influencia do centro como o castro de Callobre radicado preto da Fervenza desa parroquia.

En relación co medio ambiente cabe destacar preto do Centro “As Brañas de Xestoso” do concello de Silleda e a “Lagoa Sacra de Olives” que son zonas húmidas protexidas e que forman parte da Rede Natura. Área recreativa e praia fluvial “O Areal” de Berres

Conta tamén con aloxamentos de turismo rural como Valfresco en Curantes, casa da Botica en Loimil, Torres de Moreda en Callobre, casa da Nugalla en Pousada- Curantes

Tamén discorre preto o camiño da Geira e dos Arrieiros, un dos camiños de Santiago que parte de Braga e pasa por Codeseda, A Estrada, Pontevea e Santiago de Compostela.

O Censo de habitantes do municipio no ano 2019 era de 20.479 habitantes. A media de idade dos habitantes é de 48,07 anos; 1,45 anos máis que hai un lustro.

A Concellería de Educación do Concello da Estrada ofrece unha serie de servizos destinados á poboación escolar como: Concilia Nadal, Campamentos de verán, colaboración no Plan Madruga e Comedor Escolar xestionados pola ANPA do Centro, escolas deportivas municipais.

As vivendas dos alumnos e alumnas están lonxe do centro polo que a grande maioría deles teñen que facer uso do transporte escolar. Hai alumnos que en cada viaxe invisten ata 40 minutos. As vivendas son, en xeral, unifamiliares e en propiedade. Unha porcentaxe alta das familias conviven cos avós.

As comunicacións melloraron ostentiblemente nos últimos anos. Os autobuses que fan o servizo de transporte escolar para este Centro tamén o fan para o IES N° 1 da Estrada. Actualmente están implantadas rutas integradas do transporte escolar en algúns percorridos que permite combinar o uso do autobús por escolares e veciñanza, permitindo a comunicación fluída entre as parroquias e o casco urbano.

No tocante á sanidade dicir que as urxencias graves son atendidas en A Estrada e as intervencións cirúrxicas en Santiago.

2.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

A procedencia do alumnado é basicamente rural. Case todos/as proceden de familias de clase media, na súa maioría dedicadas ao sector servizos e ao sector primario a partes iguais, nas que os niveis de desenvolvemento sociocultural, en algúns casos, son suficientes para levar a cabo procesos de estimulación cos seus fillos/as no fogar e desta forma, colaborar co colexio.

Case todos os pais e nais teñen estudos secundarios completos e ao redor do 10% posúen titulación universitaria. O nivel de paro entre as familias dos rapaces/as é relativamente baixo. A idade dos pais/nais sitúase entre os vinte e corenta anos.

A lingua vehicular predominante na zona é a Lingua Galega. O resultado das enquisas realizadas ás familias do alumnado de Educación Infantil de nova incorporación arrojan unha porcentaxe superior ao 80% de emprego da lingua de noso na contorna familiar, esta circunstancia vese favorecida pola convivencia con persoas maiores (avós, avoas). Por todo isto a lingua materna empregada polos nosos alumnos/as é a Lingua Galega.

O obxectivo prioritario en canto á lingua é manter o uso da lingua galega como lingua oficial do centro tanto oral como escrita e en todos os ámbitos: no uso interno, na vía administrativa e no uso externo, nas relacións coa comunidade

A meirande parte do alumnado emprega o galego, pero nos últimos anos hai un incremento considerable no uso do castelán, especialmente entre os máis pequenos. Este dato hai que telo en conta á hora de impartir docencia para poder garantir un equilibrio entre as dúas linguas cooficiais, tal e como queda regulado no

Decreto 79/2010 de 20 do maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. .

O centro acolle a 125 alumnos: 54 de Educación Infantil e 71 de Educación Primaria

Ultimamente estase a producir un aumento considerable de matrícula no alumnado de 4º de Educación Infantil; a maior parte deste alumnado provén de familias residentes na localidade da Estrada

No catálogo de postos de traballo do Centro hai 2 unidades para Educación Infantil; durante este curso e como consecuencia dese incremento de alumnado hai outras dúas unidades habilitadas para educación infantil, polo que neste momento hai 4 unidades de educación infantil en funcionamento.

No relativo á agrupación do alumnado este colexio é dunha liña. Así, os estudantes son organizados en grupos e cada alumno/a ten deste xeito unha clase de referencia encabezada por un titor ou titora.

Os agrupamentos contemplados seguen, por norma xeral, un criterio obxectivo (orde alfabética, paridade de xénero, NEAE...). Con isto preténdese non só promover a flexibilidade e a heteroxeneidade nos agrupamentos senón tamén garantir procesos educativos integrados cunha optimización máxima do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Non obstante, ademais de grupos flexíbeis, a organización do alumnado atende tamén aos distintos ritmos individuais dos estudantes e promove a igualdade de oportunidades. Para conseguilo existen medidas como os reforzos programados nos distintos cursos.

Os rapaces e rapazas dispoñen de espazos para xogar libremente. En todas as parroquias hai un campo de fútbol e tamén existen algunhas actividades deportivas e culturais organizadas. Actualmente os nenos e nenas poden asistir ás que se organizan no colexio.

2.4. PROFESORADO

ESPECIALIDADE	SEGUNDO O CATÁLOGO	EN FUNCIONAMENTO
Educación Infantil	2	2
Educación Primaria	5	6
Educación Musical	1	1
Educación Física	1	1
Lingua Inglesa	1	1
Lingua Francesa	1	1
Pedagogía terapeútica	1	1
Audición e Linguaxe	0	1 (Itinerante)
Departamento de Orientación	1(Itinerante)	1

O Departamento de Orientación é compartido co CEIP de Oca, acudindo un día á semana ao antedito centro.

A mestra de Audición e Linguaxe tamén comparte horario co CEIP de Oca.

Ademais hai unha mestra de Relixión Católica itinerante co CPI de Pontecesures e outra mestra en comisión de Servizos que ocupa o cargo de Directora.

Persoal non docente:

- 1 auxiliar técnico educativo a tempo completo (dependente da Consellería)
- 1 conserxe (empregado municipal)
- 2 postos de persoal de limpeza (traballadoras da empresa que ten a concesión de limpeza que depende do concello)

3. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

O Proxecto Educativo de Centro que se presenta xorde da necesidade de revisión e actualización da documentación que rexe e deseña o plano metodolóxico do CEIP do Foxo.

Os centros educativos son institucións que co paso do tempo e sempre dependo do conxunto de persoas que conforman a súa Comunidade Educativa están en constante movemento, cambio e evolución.

Ante estes cambios, por outro lado lóxicos e normais, é preciso manter e acordar liñas educativas claras e consensuadas que aporten estabilidade e garantías na calidade de educación que se oferta.

Para que o proceso de ensino-aprendizaxe resulte máis produtivo e satisfactorio débense trazar unhas liñas de acción.

Tres son os estamentos da Comunidade Escolar do centro que deben ser coñecedores do presente documento : alumnado, familias e docentes.

É preciso que, cada un dende a súa perspectiva, saiba e coñeza a filosofía que se quere transmitir neste documento, desa maneira, e sendo todos e todas partícipes do mesmo, conseguiremos que o CEIP DO FOXO medre e mellore como proxecto educativo.

O centro asume os seguintes sinais de identidade, entendidos como o conxunto de principios que caracterizan o centro e orientan o seu labor educativo

3.1.- Confesionalidade

Promovemos un modelo de escola pluralista na que predominen as informacións obxectivas por parte dos docentes para que os alumnos e alumnas deste centro as canalicen, elaborando os seus propios criterios e na que o diálogo e o respecto impere permanentemente entre todas as partes, facendo todo o posible para implicar aos pais e nais neste proceso.

A escola será aconfesional, respectuosa co sentir dos distintos elementos da comunidade escolar.

De acordo co principio de liberdade relixiosa os pais e nais do alumnado farán constar por escrito no momento de matricular aos seus fillos por primeira vez no centro – sempre antes do inicio do curso- a súa decisión de que o alumno curse as ensinanzas de relixión católica ou outra alternativa que será a atención educativa(en Educación Infantil) e valores sociais e cívicos (en Educación Primaria).

O alumnado que opte por esta segunda alternativa quedarán a cargo de profesorado que dedicará esa sesión ao desenvolvemento de proxectos interdisciplinares.

Impartirase clase de Relixión Católica ao alumnado que formalmente a demande, segundo a normativa vixente, respectando as opcións persoais de cada quen.

As tradicións relixiosas (Nadal) preséntanse na escola como unha forma cultural.

3.2.- Lingua de aprendizaxe

Tendo en conta a situación do centro e as características que reúne este colexio, debe utilizarse como lingua de aprendizaxe o galego, xa que esta é a lingua materna dos nosos alumnos e alumnas, pois é utilizada maioritariamente nos ámbitos familiar, escolar e social, sendo respectuosos coas minorías que utilicen o castelán. No entanto, xa que o castelán parece que gaña terreo, trataremos de reforzar a Lingua Galega sempre nos límites establecidos pola lei.

Tendo en conta o proxecto de plurilingüismo elabórase o Proxecto Lingüístico do centro e cada ano faise unha addenda do mesmo onde queda establecida a dedicación horaria nas distintas área en galego ou en castelán, respectando en todo momento o equilibrio entre ambas as dúas.

Pretendemos que, cumprindo os obxectivos que establece a Lei de Normalización Lingüística, cando os nosos alumnos/as rematen o ensino primario saiban utilizar adecuadamente, en igualdade de condicións, o galego e o castelán, respectando a legalidade vixente..

O centro fai da Lingua Galega a lingua vehicular en todos os seus ámbitos de funcionamento, tendendo a un uso equilibrado e non discriminatorio das dúas linguas cooficiais en Galicia durante toda a escolaridade –galega e castelá-, garantindo a adquisición da competencia lingüística propia da etapa, na convicción de que as linguas enriquecen, son multiplicadoras da propia competencia e son útiles.

Con esta mesma intención tratarase de impulsar un programa de seccións bilingües en lingua inglesa na área de plástica

3.3.- Liña metodolóxica

O colexio entende a liña metodolóxica como un proceso con clara intencionalidade de aceptación e revisión.

Sendo conscientes da diversidade de personalidades e métodos de actuación docente, preténdese poder contar cuns referentes nos equipos docentes que se deben comunicar ao claustro para lograr a coordinación e o máximo consenso posible a través da valoración de propostas e experiencias.

A liña metodolóxica debe ter como eixe e núcleo fundamental os alumnos e alumnas que participarán activamente no proceso da aprendizaxe e non serán meros receptores de coñecementos.

Fomentárase o traballo colaborativo como metodoloxía prioritaria. Trátase de que cada mestre se sinta identificado cos proxectos que desenvolve para lograr unha liña de traballo común e onde haxa unha retroalimentación na experiencia, nas iniciativas e nas aptitudes dos membros do Claustro. Considérase ao alumnado, como non pode ser doutro xeito, o centro da educación intentando o seu benestar emocional cunha atención individualizada. Trátase de optimizar os recursos humanos, aproveitando as aptitudes de cada quen e que redunde no beneficio da colectividade.

As decisións tómanse conxuntamente. Unha vez presentadas as suxestións, estúdanse, valóranse e búscase a concordancia xeral ou nun punto específico entre as distintas opinións, intereses, xuízos, ... de todos os compoñentes do Claustro, de tal xeito que unha vez chegados a eses acordos sexan asumidos pola totalidade do profesorado.

Serán respectadas todas as suxestións achegadas e, una vez admitidas, xestionarase a súa posta en práctica con todos aqueles recursos humanos e materiais necesarios que sexan precisos, así como aquelas medidas organizativas necesarias para poñelas en práctica.

Todos os proxectos que se desenvolven, aínda que partan dun nivel determinado, teñen unha proxección en todo o centro, involucrándose directa ou indirectamente no seu desenvolvemento ou participando dunha forma máis ou menos activa no mesmo. Para lograr esta forma de traballar todos os equipos docentes deben

traballar coordinados e en estreita colaboración, contribuíndo cada quen con aquilo que poida achegar: experiencia, coñecementos, práctica,....

Para iso é preciso:

- Atender á diversidade do alumnado, tanto no aspecto físico como intelectual.
(Inclusión educativa)
- Partir dos coñecementos previos dos alumnos para construír aprendizaxes significativos.
- Organizar propostas de aprendizaxe motivadoras.
- Fomentar a investigación, a través da observación directa e a experimentación, de cara a unha utilidade práctica que non separe a teoría da realidade, utilizando o contorno próximo como vehículo para a adquisición de coñecementos.
- Utilizar os libros de texto como guías, podendo prescindir deles cando o profesor o considere oportuno.
- Desenvolver o espírito crítico e a capacidade de diálogo entre alumnado e profesorado.
- Utilizar os recursos e medios audiovisuais dispoñibles no centro e aproveitar outros que o contorno e a sociedade nos ofrece.
- Celebrar as festas tradicionais do contorno como unha forma de valorar e conservar a cultura popular (Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas, etc.).
- Facer saídas ou viaxes culturais co alumnado nos distintos niveis.
- Participar en calquera tipo de actividade cultural co alumnado.
- Facilitar ao profesorado os medios necesarios para a realización de actividades artísticas, teatrais e culturais, non só no colexio senón como intercambio con outros colexios ou entidades.
- Reflectir os traballos dos alumnos e alumnas para colaborar no xornal escolar.
- Fomentar a participación do colexio en todo tipo de concursos escolares.
- Organizar conferencias, charlas, coloquios ou calquera outra actividade que redunde en beneficio da comunidade escolar.

- A avaliación será continua, tendo en conta as actitudes (cumprimento das normas, relación cos compañeiros, esforzo persoal, etc.) e aptitudes, valorando o progreso do propio alumno/a.
- Distribuír aos alumnos/as nas aulas por orde alfabética (agás necesidades organizativas). Dentro de cada aula a situación dos alumnos será flexible, con mobilidade ao longo do curso, para evitar que algúns nenos e nenas estean prexudicados pola súa situación nun espazo determinado.
- O profesorado intentará a aceptación e integración de todos os nenos/as dentro da aula para que ninguén se sinta rexeitado nin marxinado.

A estratexia metodolóxica que rexerá a práctica educativa na aula baséase nunha serie de principios:

Principio de actividade. Postula que o coñecemento non é un proceso de recepción pasiva de información, senón o resultado da actividade propositiva que o suxeito realiza cos obxectos do mundo. Neste proceso activo o alumno trata de dar sentido á información, partindo do que xa sabe, organizando lóxicamente a secuencia de contidos e tendo disposición para aprender; é dicir, amosando un interese vivo por aprender.

Principio de comunicación e diálogo. Implica unha concepción da educación na que ensinar e aprender han ser entendidos como un proceso de intercambio cultural entre membros dunha comunidade. É necesario que ensinantes e aprendices participen en estruturas favorecedoras do intercambio, que se comprometan en actividades conxuntas, que negocien significados..., porque para chegar a comprender hai que dicir e explicar, dudar e preguntar, debater e polemizar, analizar e argumentar, e razoar e deliberar.

Principio de significación. O suxeito constrúe e reconstrúe continuamente o seu sentido do mundo, relacionando a nova información coa súa estrutura cognitiva previa. Na medida en que as experiencias previas inflúen na aprendizaxe, calquera proceso de ensino-aprendizaxe, debe tomar como punto de partida o que "o aprendiz xa sabe". Este coñecemento por parte do profesorado permítenos orientar a acción educativa, desde a planificación ata o desenvolvemento docente, no sentido de adaptar obxectivos, de tomar as medidas máis oportunas de organización

e estruturación dos contidos, de seleccionar os materiais e deseñar as actividades máis apropiadas para o punto de partida dos aprendices, de anticipar os niveis da axuda pedagóxica que deberemos utilizar co noso alumnado....

Principio de contextualidade. Danse dous sentidos ao concepto “contexto”: por un lado, o de *complexidade*, que aspira a que o alumnado adquira comprensión multidimensionais do mundo fronte ao pensamento simplificador; por outro lado, o dos *escenarios sociais nos que se producen os diferentes tipos de coñecemento humano*.

Principio de reestruturación ou de reorganización conceptual. Para que se materialice unha reestruturación cognitiva e unha modificación dos seus elementos (conceptos e proposicións) teremos que dispoñer na aula dun ambiente de traballo que dea aos aprendices a oportunidade de poñer en dúbida a súa comprensión do mundo, que os desafíe intelectualmente e lles ofrezca condicións para remodelar a visión que teñen deste. É posible chegar a compartir significados a través do intercambio de vivencias, da experimentación de conflitos e controversias entre modos distintos de concibir o mundo, da discusión e do debate e da confrontación de ideas.

Principio de autonomía, "autocontrol" ou capacidade de "auto-regularse". O profesorado debe proporcionar o máximo de axuda ao inicio da aprendizaxe, graduando o nivel de asistencia, de apoio, que se presta ao alumnado no transcurso da realización das tarefas, para, pouco a pouco, ir cedendo o control ata que se traspasa completamente. Neste proceso, son fundamentais a interacción entre os participantes e a negociación constante de significados.

Principio de individualización. En todo momento deberanse ter en conta as características propias de cada alumno/a. Dado que o desenvolvemento é distinto en cada persoa, a metodoloxía a empregar deberá ser flexible, e estar adaptada ao desenvolvemento evolutivo do alumnado e ás súas características individuais, respectando, de igual modo, o diferente ritmo de traballo e aprendizaxe de cada un.

Enumerados os principios metodolóxicos cabe facer especial atención ao traballo dende a ***perspectiva inclusiva***, xa que será eixo vertebral da metodoloxía a implementar ao longo do curso. Isto supón formular a ensinanza contando co propio alumnado como apoio: os sistemas de aprendizaxe en grupo cooperativo, os

sistemas de aprendizaxe apoiados nas titorías entre compañeiros, así como a creación de comunidades e redes de axuda entre alumnos, profesores e familias.

Estableceranse **tarefas extraescolares** para o adecuado desenvolvemento das competencias clave, atendendo aos distintos procesos e ritmos de aprendizaxe e tendo en conta o principio de progresividade.

Entendemos como tales os traballos extra que o profesorado asigna ao alumnado para seren realizados fóra do horario lectivo, nun prazo determinado e con obxectivos académicos e formativos predeterminados.

Deste xeito, o alumnado investiga, practica e reforza o aprendido na clase e tamén desenvolve as habilidades creativas, de reflexión e críticas.

Serven para que o alumnado mellore o rendemento escolar, aprenda a aprender e a descubrir e poñer en práctica as súas propias técnicas de estudo e de traballo persoal, desenvolvendo a iniciativa, fortalecendo a autoestima e potenciando a autonomía e responsabilidade.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia contempla, na súa disposición adicional terceira, que os centros, dentro do seu marco de autonomía pedagóxica e organizativa, establecerán as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares, recollidas nas NOF do Centro.

Procurarase un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer.

A aprendizaxe cooperativa é un enfoque que trata de organizar as actividades dentro da aula para convertelas nunha experiencia social e académica de aprendizaxe. Os estudantes traballan en grupos heteroxéneos para realizar as tarefas do xeito máis colectivo. A aprendizaxe neste enfoque depende do intercambio de información entre os estudantes, que están motivados tanto para lograr a súa propia aprendizaxe como para acrecentar os logros dos demais. É importante ter en conta a formación de grupos, a interdependencia positiva e a responsabilidade individual.

CONCLUSIÓN

Queremos conseguir unha escola aberta á comunidade, flexible, integrada no entorno, experimental e baseada en valores democráticos onde o obxectivo prioritario sexa o desenvolvemento integral da persoa en todas as súas dimensións: física, afectiva, intelectual, ética e social.

Un centro onde a comunidade educativa comparta uns valores comúns para a vida e convivencia: xustiza, solidariedade, igualdade, saúde, esforzo, creatividade, lealdade, xenerosidade, diálogo e responsabilidade persoal.

Un centro que sexa un lugar de traballo e formación agradable onde ninguén se sinta discriminado.

Un centro participativo, aberto á contorna, onde cada un dos membros da comunidade desenvolva o seu labor con responsabilidade para conseguir os obxectivos comúns que nos marcamos.

Un centro onde a atención á diversidade ocupe un lugar privilexiado, de xeito que calquera neno poida atopar o seu espazo propio.

Un centro onde a comunidade educativa actúe con flexibilidade, moderación e criterio, tendo en conta as diferenzas individuais do alumnado.

Un centro onde se priorice a educación para a igualdade e a coeducación, evitando actitudes sexistas.

En definitiva, un centro onde se ensine e se aprenda a ser persoa, a “aprender a aprender” e “aprender a convivir”.

3.4. Tratamento das competencias clave

Unha das principais novidades do novo currículo derivado da LOMCE é a referencia ao desenvolvemento e avaliación das competencias clave do alumnado, entendidas como a adquisición das aprendizaxes imprescindibles desde unha posición integradora e orientada á súa aplicación en contextos e situacións reais.

Están relacionadas, de maneira prioritaria, co saber facer e constitúen o punto de referencia para determinar os procesos de avaliación e a promoción ou permanencia dun alumno ou alumna nun determinado curso.

O propósito final, co apoio do profesorado, debe ser:

- Que aprendan a pensar, a usar procesos creativos, críticos e reflexivos. O alumnado adquire competencia cando é capaz de buscar, seleccionar, tratar a información recibida para crear coñecemento e, finalmente, cando é capaz de aplicar o coñecemento adquirido de maneira autónoma.
- Que adquiran un coñecemento global e contextualizado dos temas, é dicir, integrando as aprendizaxes, relacionándoas cos contidos curriculares doutras áreas, asumíndoos e facéndoos transferibles e aplicables en diversas situacións de ensinanza-aprendizaxe.
- Que aprendan a convivir. Non só cos seus iguais, senón tamén contribuír á calidade e respecto das contornas naturais e sociais de forma crítica, apreciando o valor do que temos e de quen temos ao noso arredor.
- Que adquiran a capacidade de valorar o traballo ben feito. Saber ser e sentirse ben facilitará ao alumnado a motivación para aprender.

3.5. Valoración do noso Patrimonio cultural

A nosa contorna ten un rico patrimonio cultural constituído por bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deben ser estudados e tidos en conta para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Por este motivo o noso Centro desenvolve unha serie de actividades encamiñadas a poñer en valor persoeiros da nosa contorna, artistas,... Algunhas delas son as seguintes:

- “As nosas aulas... os nosos persoeiros”. Nomear aulas e outros espazos do Centro con nomes de persoeiros. Manter e ampliar a exposición das súas biografías .
- Coordinar xunto coa Biblioteca, o Equipo de dinamización da Lingua Galega e o Equipo Tic a actividade “O Escritor na súa obra”, actividade bidireccional. Comeza coa interactividade entre os alumnos maiores e o autor; posteriormente este persoeiro visita o centro coa participación de todo o alumnado do centro. Estes persoeiros pasan a ter un recuncho propio dentro da Biblioteca onde se poden atopar obxectos persoais, fondos bibliográficos...

- ,“O artista na súa obra”, proxecto interanual, desenvolvido polo alumnado de 5º e 6º cursos dentro dos obradoiros de Expresión Plástica. Intervenían artistas da zona que interactúan cos alumnos. O resultado final é a creación dun mural que pasa a formar parte dunha exposición permanente do centro no espazo que chamamos “Pinacoteca Paco Lareo” que neste momento consta de 11 murais. As fotografías dixitalizadas destes murais pasan a formar parte da Biblioteca
- Realización de roteiros literarios pola contorna ou por outras zonas de Galicia, da man de persoas que teñan investigado sobre os persoeiros a estudar.
- Potenciar o coñecemento de personalidades importantes que teñan relación co mundo da cultura: escritores, poetas, músicos, pintores... é dicir con todas as manifestacións artísticas e culturais.
- Participar no desenvolvemento daquelas actividades que potencien a lectura e o coñecemento de escritores como festa da poesía, presentacións de libros, conmemoración do Día do libro, das letras galegas, do día de Rosalía....

3.6. Conciencia sobre o medio ambiente:

A escola é un lugar idóneo para a adquisición de hábitos que sexan respectuosos co medio ambiente. A conciencia sobre o consumo enerxético, o emprego de determinados materiais (en especial o plástico) serán tidos en conta no día a día da aula.

Non podemos quedarnos na anécdota da adquisición de hábitos, senón tamén actuar nos espazos propios do colexio. Por este motivo e relacionado coa visita de persoeiros significativos da cultura ao noso Centro, realízanse plantacións de árbores que quedan identificados co seu nome en galego e en latín, o nome da persoa que o planta e o ano no que se plantou.

Queremos ser tamén moi activos en materia de reciclaxe e recollida selectiva de lixo, por iso nos implicaremos na recollida de tapóns e pilas.

3.7. Responsabilidade tecnolóxica:

É obvio que a educación do século XXI debe ter moi presente a tecnoloxía, pero non debemos caer no uso excesivo e innecesario. É por iso que valoraremos

positivamente o emprego da tecnoloxía, aproveitando todas as vantaxes que ofrece, pero sendo conscientes dos perigos dun uso inapropiado da mesma (tanto a nivel físico en idades temperás como a nivel social en cursos máis altos).

3.8. Participación e democracia:

A escola pertence á comunidade educativa, todos os compoñentes dela deben sentila como súa por igual, é por iso que todas as opinións deben ser escoitadas e valoradas.

Neste sentido, a propia lei aporta un elemento fundamental para o desenvolvemento deste aspecto, como é o traballo cooperativo, onde a participación igualitaria e as distintas opinións son tidas en conta para chegar a unha postura común.

En canto ás familias, calquera das vías de comunicación serán válidas: a través da ANPA, a través dos representantes no consello escolar, ou comunicación directa cos titores ou o equipo directivo. Na Anpa do centro están integradas todas as familias e en todo momento manifestan o seu apoio e conformidade coas propostas do equipo docente, sempre intentando manter un ambiente de colaboración en ámbalas dúas direccións (colexio-familias e familias-colexio).

Creemos que un alicerce esencial para un óptimo labor docente é propiciar, desde o colexio, a corresponsabilidade coas familias no desenvolvemento integral de cada un dos nenos e nenas do centro a través da colaboración planificada (horario de titorías, reunións xerais, entrevistas individualizadas, reunións de grupo, participación das familias en actividades de centro, como obradoiros, lecturas de contos...)

O profesorado terá os claustros e reunións de equipos docentes como momentos idóneos para a presentación de propostas.

3.9. Coeducación

O centro, por medio da educación, tratará de eliminar discriminacións, superando os prexuízos culturais que existen ao respecto, para superar o desequilibrio que na realidade social se está a manter.

A educación en aulas mixtas, deberá conducir á integración natural da realidade social, constituída por mulleres e homes, valorando o enriquecemento da complementariedade.

O profesorado, na súa actuación cos alumnos e alumnas fará fincapé sobre todo en:

- Non discriminación por razón de sexo.
- Procurar repartir as tarefas igualitariamente.
- Procurar a defensa do dereito á igualdade de oportunidades.

3.10.Pluralismo. Valores democráticos:

O profesorado respectará a liberdade persoal do alumnado non impoñéndolle concepción política ningunha nin outro tipo de dogmatismo.

Estimularemos a formación e o desenvolvemento dos seguintes valores e normas:

- Respecto polo pluralismo ideolóxico.
- Rexeitamento a todo tipo de dogmatismo e adoutramento
- Exercicio da tolerancia e o respecto mutuo.
- Responsabilidade no uso do material e das instalacións do centro.
- Compromiso cos valores democráticos: solidariedade, actitude de diálogo...
- Respecto aos dereitos humanos
- Non discriminación
- Uso da linguaxe adecuada ao contexto

3.11. Inclusión:

O centro favorecerá a completa inclusión de alumnos e alumnas con necesidades diversas.

Defendemos unha liña educativa que teña como principio fundamental a atención á diversidade a partir do principio de inclusión como base de desenvolvemento e no que a aprendizaxe cooperativa se converta no seu eixo metodolóxico, tratando de darlles resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, mediante unha ensinanza personalizada e compensadora das desigualdades sociais, de maneira que cada persoa poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades individuais.

Débase prestar atención tanto a aqueles que mostren dificultades para acadar o nivel mínimo, implementando medidas como as adaptacións de acceso e da metodoloxía, o reforzo educativo ou as adaptacións curriculares significativas, como

a aqueles outros que os superen, poñendo en práctica, se fose preciso, Programas de Enriquecemento Curricular .

Entendemos que a diversidade como un feito valioso que contribúe a enriquecer a todo o grupo favorecendo a súa cohesión.

Asemade, para que a situación económica non sexa motivo de discriminación inicial pola falta de material para a realización de certas tarefas ou actividades, o centro facilitará o material necesario, dentro das súas posibilidades, ou xestionará becas de axuda dos organismos a quen corresponda.

3.12. Xestión institucional (relacións centro-entorno)

A nosa idea dunha escola democrática aberta e en continua interacción co noso entorno, precisa dunha participación real e efectiva de todos os membros da comunidade escolar por medio dos representantes elixidos por cada un dos estamentos que a compoñen.

No centro están establecidos os mecanismos necesarios para esa participación efectiva de profesores, nais/pais e alumnado, persoal non docente ou concello (Equipos docentes, de traballo, Claustro, Consello Escolar,...) no canto de que as súas opinións sexan consideradas á hora de tomar decisións.

Fóra do centro, debemos xerar o maior número de relacións entre a escola e contorna, abrindo aquela e colaborando con entidades como:

a) Autoridades educativo-administrativas: Sendo un colexio público que imparte ensinanzas de Educación Infantil e Primaria, dependemos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a todos os niveis (económicos, de infraestruturas, lingüístico,...) e en comunicación coa Inspección educativa.

b) Concello: O centro colabora co concello nos seguintes ámbitos e accións:

- Participando nas campañas planificadas de carácter cultural, deportivas, de solidariedade, etc.
- Cedendo instalacións e/ou materiais cando son requiridos, sempre cumprindo as normas establecidas pola Consellería de Educación.

- Accións dirixidas á protección do medio-ambiente en colaboración coa Concellería de Medio Ambiente.
- Coordinación co departamento de Servizos Sociais (accións coas familias en diversos ámbitos).
- Programas de prevención....

c) A ANPA: representa un elemento clave polo labor de promoción da participación de nais e pais na actividade educativa e pola colaboración e apoio na tarefa de conseguir un centro con máis e mellores recursos para a acción educativa. Traballamos de xeito coordinado para avanzar en melloras para a Comunidade Educativa.

d) IES Nº 1 da Estrada: Ao concluír a Educación Primaria no noso centro, o alumnado pode acceder directamente ao instituto ao que estamos adscritos. O noso colexio participa nas seguintes accións:

- Coordinación anual co Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos (promoción do alumnado de 6º curso a 1º de ESO).
- Charla informativa ás familias do alumnado de 6 curso por parte do Equipo Directivo e o Departamento de Orientación (anual).
- Xornada de portas abertas nese Instituto para favorecer a transición á ESO

e) Accións para a Comunidade Educativa. As familias son o pilar máis importante na educación dos nenos/as. Por este motivo deben estar en constante comunicación cos docentes e co centro. Dende o CEIP DO FOXO bríndaselle a oportunidade de participar nas actividades académicas dos seus fillos/as a través de:

- Actividades deseñadas dende a Biblioteca do Centro para invitar a aquelas familias que así o desexen a compartir as súas experiencias persoais ou laborais co alumnado (contacontos, robótica, saúde, educación vial, manualidades, arte,...)
- Charlas formativas para pais/nais dos máis variados temas de interese educativo (prevención, disciplina positiva, educación afectivo-sexual, perigos de internet,...)

- Boletín Informativo da Biblioteca que facemos chegar ás familias para dar conta das actividades complementarias que se desenvolven no Centro
- Circulares informativas e documentos de formación ás familias, difundidos a través de medios de reprografía, a web do colexio e o Espazo Abalar Móbil.

Esta última ferramenta permítenos transmitir de xeito inmediato a información máis variada (é recibida no móbil): normativas, circulares, becas, axuda de libros, campañas, alertas meteorolóxicas, saídas, incidencias do alumnado, folgas,...

É moi importante para este centro estar en constante comunicación coas familias para facilitar cada aspecto organizativo e informar no tempo máis breve posible calquera cuestión da que deban ser coñecedores.

- Portas abertas. Hai varias xornadas de apertura do centro para as familias:
 - Charla informativa antes do proceso de admisión na que se informa de aspectos organizativos do centro e se fai un percorrido polas instalacións.
 - Festival de Nadal
 - Comparsa de Entroido: o alumnado disfrazado actúa para as familias.
 - Festa de despedida do alumnado de 6º.
 - Charla informativa das titoras de infantil no mes de xuño para as familias de nova incorporación ao centro no seguinte curso (normas, período de adaptación, ...)
- Exposicións: traballos realizados polo alumnado que están expostos nos corredores ou calquera outra exposición no espazo da biblioteca.
- Campañas de solidariedade.

f) Colaboración coas universidades: O alumnado poderá desenvolver as prácticas dos plans de estudos universitarios de grao e posgrao de universidades. Damos todas as facilidades posibles a estes alumnos e alumnas en prácticas para a utilización dos recursos didácticos do mesmo e a súa integración nas actividades educativas que se desenvolvan. Así mesmo ofrecerémoslle toda a información que sexa necesaria sobre o funcionamento e xestión do centro colaborando no seguimento e avaliación deste alumnado.

g) Outras entidades:

- Asociacións deportivas: tanto coas do Concello como con outras sempre coa premisa de potenciar o deporte ou o xogo non competitivo.

- Empresas.

- ONGs

4. O CENTRO

4.1. INSTALACIÓNS

O Edificio escolar componse de planta baixa e un andar.

PLANTA BAIXA

6 aulas de titorías (tres delas con baño incluído), cada aula leva o nome dun persoeiro relevante da zona

Departamento de Orientación

Un local para almacén de limpeza

4 aseos : 2 para nenos, 1 para nenas e 1 para nenas e con discapacidade motora ou diversidade funcional.

A Biblioteca “Xose´Neira Vilas”

Un almacén debaixo das escaleiras

Salón de Actos “Manuel Daniel Varela Buxán” que é utilizado para representacións de obras de teatro, conferencias, reunións de pais, etc.

Sala de Mestres “Olimpio Arca Caldas”

Aula de Educación Artística

Dependencias administrativas: Dirección, Secretaría, Xefatura de Estudos

2 Aseos de Mestres

Conserxería

Almacén de material

2 arquivos: un de material de oficina e outro do grupo Abrente

PRIMEIRO ANDAR

4 aulas de titorías nomeadas con nomes de persoeiros

Aula de informática “Carlos Mella”

Aula da calma e material de limpeza

4 aseos de alumnado: 2 de nenos e 2 de nenas.

2 aseos de mestres

Laboratorio

Aula destinada a almacén de material específico de actividades complementarias (teatro, exposicións, mostras...)

Aula de audición e Linguaxe

Aula de Pedagogía Terapéutica

Aula de Relixión

Aula de música

Aula da Anpa, para almacenar o seu material

Aula de inglés “María do Ceo”

Anexo a este edificio está o comedor escolar.

DEPENDENCIAS SITUADAS NO PATIO

PATIO CUBERTO de cemento, cerrado por tres frontes.

PINACOTECA “PACO LAREO”. Serve de abrigo para os días de choiva. Ten un pequeno almacén onde se gardan cadeiras e mesas en mal estado. Neste patio hai unha exposición permanente de murais de artistas da zona.

Un PAVILLÓN POLIDEPORTIVO que consta das seguintes dependencias:

-Unha pista deportiva onde se imparten as clases de educación física.

-Dous vestiarios con duchas.

Está bastante ben conservado, grazas á intervención de membros da ANPA as paredes e o chan están pintados. Asemade lévase un control exhaustivo das persoas alleas ao Centro que tamén son usuarios deste espazo como equipos de fútbol do entorno ou actividades deportivas da ANPA.

PATIO DE RECREO

O patio de recreo está dividido en 2 zonas:

- a) patio de infantil: é unha zona habilitada unicamente para o alumnado desta etapa, ten un areeiro
- b) Pistas: de uso exclusivo para o alumnado de educación primaria, trátase de zonas asfaltadas
- c) Xardín da poesía: Hai unha zona de herba e árbores situada a carón do pavillón, ás veces habílitase como zona de recreo e outra zona diante do edificio escolar tamén caracterizada pola presenza de moitas árbores e plantas. Esta zona é moi útil para desenvolver moitas actividades

Todo o recinto está cerrado con arame.

En canto a **recursos materiais** tanto as aulas como a Biblioteca, Sala de Mestres e diferentes despachos están dotados con equipos informáticos. En cada aula tanto de Educación Infantil como de Educación Primaria hai un ordenador, canón e encerado dixital interactivo

Contamos con dúas fotocopiadoras, unha de cor e outra de branco e negro.

4.2.HORARIOS XERAIS DO CENTRO

O horario lectivo de apertura do centro é:

- tódos os días pola mañá entre ás 9.10 e ás 13.50h
- os luns e mércores pola tarde abre ás 15.25 h e pecha ás 17.25 h

Asemade os luns e mércores pola tarde o horario prolongase dende as 17.15 h (final da xornada lectiva) ata ás 18.45 h . Neste horario realízanse reunións de equipos e entrevistas coas familias.

A Anpa xestiona o servizo:

- Plan Madruga: de 7.45 h ata ás 9.20h

O resto da semana (de luns a xoves) o centro permanecerá aberto de 16.00h a 17.00 h

A garda de transporte comeza 10 minutos antes da hora de entrada e remata 10 minutos despois da hora de saída.

4.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

A oferta educativa do CEIP do Foxo contempla a ensinanza de E. Infantil e a ensinanza de E.Primaria.

Nos cursos de 1º e 2º na área de Educación Artística (só Plástica) desenvólvese unha SECCIÓN BILINGÜE, con previsión de ampliar nos vindeiros cursos.

O Centro ven participando nos seguintes plans:

- *Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)* dende o ano 2007 e nos distintos plans anexos ao mesmo: Biblioteca creativa, voluntariado de lectura...
- *Plan Proxecta no programa de “Aliménta-t ben”* e tamén no Proxecto deportivo de Centro
- *Contratos- programa:* dende o curso 2012-2013, no programa *Plan de Reforzo, Orientación e apoio (PROA)*

Noutros programas como: CP *Inclúe* e CP *Innova*

- *Educación Responsable:* a partir deste curso coa finalidade de traballar a nivel emocional, intelectual e social, promovendo a comunicación e mellora da convivencia nos centros educativos.

- *Proxecto Digicraft*: Para favorecer a integración das Tic na práctica diaria.
- *Voz Natura*: Dende o curso 2011/2012 participamos neste programa para traballar aspectos relacionados co medio ambiente.

A área de influencia deste centro son as catorce parroquias do ámbito rural dos arredores, aínda que se está estendendo ao propio concello da Estrada. Preténdese que sexa un centro aberto para toda a comunidade educativa e distintos colectivos da zona que acudan ao centro para desenvolver as súas actividades e inquiredanzas. Asemade poden utilizar as instalacións do centro sempre e cando as solicitudes sexan aprobadas polo Consello Escolar.

Por outro lado, a apertura tense que producir tamén desde o colexio cara as parroquias e o concello, participando en actividades e colaborando con organizacións da contorna

O Centro ao que está adscrito é o IES nº 1 da Estrada

Na etapa de Educación Infantil hai dúas unidades funcionando:

1 unidade mixta de 4º de Educación Infantil e 5º de Educación Infantil

1 unidade mixta de 5º de Educación Infantil e 6º de Educación Infantil.

Na etapa de Educación Primaria hai 7 unidades:

2 unidades de 1º de Educación Primaria

1 unidade de 2º de Educación Primaria

1 unidade de 3º de Educación Primaria

1 unidade de 4º de Educación Primaria

1 unidade de 5º de Educación Primaria

1 unidade de 6º de Educación Primaria

4.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O centro dispón de Plan Madruga cun horario de 7.45 h ata ás 9.20 h coa opción de servizo de almuerzo. Está xestionado pola Anpa coa colaboración do Concello.

Tamén oferta o servizo de comedor xestionado pola Consellería e non dispón de cociña propia. Os menús son servidos por unha empresa de catering que ten a súa sede na localidade da Estrada. Funciona só os luns e mércores que son os días que hai clase pola tarde. O horario deste servizo vai dende ás 13.40 h ata ás 15.35 h.

Estamos pendentes da ampliación de número de días do servizo de comedor escolar para que funcione durante todos os días da semana o que facilitaría, a súa vez o cambio de xornada.

4.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares son ofertadas pola Anpa: Pintura, zumba, fútbol, robótica, patinaxe, teatro, xadrez....

A maiores os venres teñen un convenio coa piscina climatizada da Estrada para ofertar clases de natación.

4.6. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO

.

Avaliación dos documentos de planificación docente:

Revisaranse anualmente as programacións didácticas tendo en conta as propostas de mellora recollidas na memoria de final de curso e establecendo as adaptacións e modificacións pertinentes.

A elaboración da Programación Xeral anual tamén terá en conta as achegas da memoria final.

Unha vez actualizado o PE queda pendente a actualización do proxecto lector e a aprobación do Plan de comunicación interna e externa.

Avaliación dos proxectos e plans nos que participa o centro

Esta avaliación realízase trimestralmente e recóllese nun informe elaborado polo correspondente coordinador .

Avaliación do rendemento escolar do alumnado

Avaliaremos o proceso de ensinanza, a propia práctica educativa e o desenvolvemento de capacidades por parte do alumnado acorde cos obxectivos previstos. Empregaremos instrumentos como: a observación directa e sistemática, análise das producións do alumnado, probas específicas, intercambios orais co alumnado..., e tamén a autoavaliación do alumnado sobre o traballo desenvolvido.

A avaliación como instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo ha de contemplar:

- Avaliación inicial: realizarase ao comezo do curso coa información recollida nas entrevistas coas familias, dos informes de escolarización anteriores, informes de desenvolvemento das competencias clave, coa observación directa dentro da aula e a análise dos traballos desenvolvidos nos primeiros días de curso.
- Avaliación continua: ten como finalidade observar a evolución do alumnado ao longo do curso con respecto á avaliación inicial. Levarase a cabo coa observación diaria e a recollida sistemática de datos sobre as tarefas desenvolvidas. As familias serán informadas trimestralmente a través dos boletíns de notas e nas reunións dentro da hora de titoría ou a través de contactos máis informais (chamadas de teléfono).
- Avaliación sumativa: tendo en conta as avaliación feitas ao longo do curso e plasmadas no informe de avaliación final. A decisión sobre a promoción de nivel ou etapa será adoptada polo equipo de profesorado que imparten docencia en cada grupo de alumnos e alumnas, como resultado do proceso de avaliación. O alumnado promocionará ao nivel ou etapa seguinte, sempre que acadase o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madureza consonte á súa idade. Poderase promocionar así mesmo, cando as aprendizaxes non acadadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o seguinte nivel ou etapa. Neste caso o centro adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación de ditas aprendizaxes.

O alumnado que non cumpra as condicións anteriores permanecerá un ano máis no mesmo nivel. Esta será unha medida de carácter excepcional e tomarase unha vez esgotadas o resto de medidas de reforzo e apoio, só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación arredor das competencias clave e aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe. No caso de promocionar con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan de recuperación para esa área. Os equipos docentes reuniranse nas sesións de avaliación que estarán coordinadas polo titor/a de cada nivel. As sesións deberán celebrarse antes do Nadal, Semana Santa e final de curso. Os acordos dos equipos de avaliación serán tomados de maneira colexiada. Despois de cada sesión de avaliación, cada titor/a cubrirá as actas e demais documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos facendo chegar a información ás familias.

Avaliación da actividade docente:

As reunións de niveis e dos equipos de traballo serán momentos propicios para a avaliación continua da acción educativa. Avaliaremos, así mesmo, a función directiva, as instalacións nas que levemos a cabo a docencia, os medios dos que dispoñemos, a asistencia do alumnado, a relación coas familias e a relación coas institucións.

5. OBXECTIVOS

A.- ÁMBITO CURRICULAR E DE INNOVACIÓN

Obxectivo: Mellorar a competencia lectora a expresión oral e escrita desde as diferentes áreas				
Acción 1	Participar no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Resultados das enquisas realizadas dende a Biblioteca Escolar			
Responsables	Equipo directivo- Equipo de Biblioteca			
Recursos e materiais				



Acción 3	Traballar no 2º ciclo de Educación Infantil os prerequisites para a posterior adquisición da lecto-escritura no 1º nivel de Educación Primaria			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Número de alumnos do 1º nivel que adquire con rapidez o proceso de lecto-escritura			
Responsables	Titores de Educación Infantil			
Recursos e materiais				

Obxectivo: promover o papel activo de todo o profesorado para adquirir unha maior competencia dixital tanto no alumnado coma no profesorado				
Acción 1	Desenvolver cursos de ferramentas tecnolóxicas para o profesorado			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano	4º Ano
Indicador	Profesorado implicado			
Responsables	Equipo directivo- Claustro		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Recursos e materiais				
Acción 2	Fomentar o uso da aula virtual como posible ferramenta para empregar no caso de ensino telemático			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Nº de usuarios da aula virtual			
Responsables	Claustro			
Recursos e materiais				
Acción 3	Propoñer e realizar actividades colaborativas e innovadoras cos demais equipos de Centro			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Nº de actividades deseñadas en colaboración			
Responsables	Equipo de Biblioteca- Equipo Tic- Equipo de DLG			
Recursos e materiais				
Acción 4	Participar no proxecto "Digicraft no teu cole"			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano	4º Ano
Indicador	Manexo de tablets polo alumnado			



Responsables	Equipo Tic e titores
Recursos e materiais	

Obxectivo: Fomentar as capacidades individuais				
Acción 1	Atender á diversidade garantindo a igualdade de oportunidades e establecendo medidas organizativas e curriculares precisas			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Número de apoios postos en práctica			
Responsables	Departamento de Orientación-Claustro de profesores			
Recursos e materiais				
Acción 1	Participar nos contratos- programas a través de programas de reforzo . Iniciativa ARCO			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora dos resultados da avaliación do alumnado participante			
Responsables	Departamento de Orientación-Titores de 4º, 5º e 6º			
Recursos e materiais				

Obxectivo: Fomentar a dinamización da lingua galega				
Acción 1	Deseñar fórmulas de interacción e colaboración con asociacións, institucións...			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Nº de actividades deseñadas			
Responsables	Equipo de Dinamización da Lingua Galega			
Recursos e materiais				
Acción 2	Colaborar co profesorado ofrecendo formación e axuda sobre recursos tanto bibliográficos como tecnolóxicos que favorezan a súa práctica docente			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Nº de colaboracións realizadas			
Responsables	Equipo de dinamización da Lingua Galega			
Recursos e materiais				

Acción 3	Deseñar actividades para coñecer, valorar e divulgar aspectos do nos patrimonio cultural			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Nº de actividades deseñadas			
Responsables	Equipo de dinamización da Lingua Galega			
Recursos e materiais				

Obxectivo: Potenciar o uso da lingua inglesa				
Acción 1	Participar en Seccións Bilingües			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Nº de alumnos que participan na sección			
Responsables	Mestre Especialista en Lingua Inglesa			
Recursos e materiais				

B. ÁMBITO DA PARTICIPACIÓN E INTEGRACIÓN

Obxectivo: Promocionar a participación das familias				
Acción 1	Deseñar actividades que impliquen a colaboración e participación das familias			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Nº de intervencións das familias			
Responsables	Equipo de dinamización da Lingua Galega, Equipo da biblioteca- Equipo Directivo			
Recursos e materiais				

Obxectivo: Mellorar a convivencia do centro				
Acción 1	Desenvolvemento de cursos de formación sobre inclusión.			
	Temporalización			
	1º Ano	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Profesorado implicado			
Responsables	Departamento de orientación-Equipo directivo			
Recursos e materiais				
Acción 2	Implantar patios dinámicos			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Redución do número de conflitos nos recreos			

Responsables	Claustro de profesores			
Recursos e materiais				
Acción 3	Desenvolvemento de cursos de formación sobre emocións			
	Temporalización			
	1º Ano <input type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Profesorado implicado			
Responsables	Departamento de orientación-Equipo directivo			
Recursos e materiais				

Obxectivo: Implicar á comunidade escolar na recuperación e defensa da natureza, fomentando o respecto ambiental desde a infancia e incentivando a acción dos escolares, das súas familias e de todo o seu entorno.

Acción 1	Participar no Proxecto Voz natura. Intervención de axentes forestais.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Recuperación da vexetación do recinto escolar			
Responsables	Equipo de Voz Natura			
Recursos e materiais				
Acción 2	Participar en conferencias sobre medio ambiente, reciclaxe			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Realización correcta da reciclaxe			
Responsables	Titores			
Recursos e materiais				

C. ÁMBITO DE ORGANIZACIÓN E DA ADMINISTRACIÓN

Obxectivo: Fomentar a innovación educativa no Centro a través de programas que fomenten o desenvolvemento das competencias clave e a educación en valores

Acción 1	Participar no Plan proxecta. Programa aliméntate ben			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Estudio de cambios de hábito de alimentación			
Responsables	Equipo directivo- Claustro			
Recursos e materiais				
Acción 2	Participar nos contratos- programa: CP Inclúe e CP Innova			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Diminución de conflitos nas aulas			

Responsables	Equipo de Dinamización da convivencia- Departamento de Orientación- Claustro
Recursos e materiais	

D. ÁMBITO DE RECURSOS

Obxectivo: Mellorar a comunicación interna e externa do Centro				
Acción 1	Elaborar o Plan de comunicación interna e externa do Centro			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Resultados satisfactorios de enquisas sobre comunicación			
Responsables	Equipo directivo e coordinador TIC.			
Recursos e materiais				

Obxectivo: Optimizar a oferta de actividades complementarias e Extraescolares ofertadas pola Anpa e concello				
Acción 1	Seleccionar, organizar, desenvolver actividades complementarias e extraescolares			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Avaliación positiva das actividades realizadas e nº de alumnos implicados			
Responsables	Equipo directivo e Anpa do Centro			
Recursos e materiais				

6. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

6.1. ÓGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS`

EQUIPO DIRECTIVO:

Está composto pola dirección, xefatura de estudos e secretario. As competencias de cada cargo veñen determinadas por lei, aínda que o funcionamento debe ser o dun equipo que comparta responsabilidades.

Facer fincapé en que o equipo directivo debe fomentar a participación do profesorado e estar aberto a propostas que poidan xurdir no seo do claustro ou dos diferentes equipos docentes.

6.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

- Consello Escolar: Desenvolverá as funcións que a lei lle outorgue. Este órgano está composto por os tres membros do Equipo Directivo, 5 mestres, 5 representantes das familias, un representante do persoal non docente e un representante do Concello. A súa composición, atribucións e funcións coa LOMCE quedan recollidas no Capítulo III, artigo 126 e 127.
- Claustro: O claustro de profesores é o órgano propio de participación destes no goberno do centro. Estará integrado pola totalidade do profesorado que preste servizos no mesmo e presidido pola directora do centro.

Ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro. As súas funcións axustaranse ao establecido no Regulamento Orgánico das escolas de educación Infantil e primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro), e ao artigo 129 da LOMCE. Ademais desenvolverá as seguintes funcións:

- Participará na elaboración dos plans anuais e nas decisións que impliquen actividades a desenvolver polo profesorado.
- Proporará á comisión económica, dando prioridade, ás compras de material necesario para o centro.
- Deberá ser informado e opinar sobre as iniciativas que afecten ao profesorado antes de reunirse o consello escolar.
- Os representantes do profesorado serán portavoces e defensores das iniciativas do claustro no consello escolar.
- A orde do día dos consellos escolares deberá darse a coñecer ao profesorado, expoñéndose no taboleiro de anuncios.
- Dos acordos tomados polo Consello Escolar informarase puntualmente ao Claustro.
- O Equipo Directivo informará sobre todos os temas que afecten ao profesorado e sobre aqueles outros que incidan sobre a marcha do colexio (transporte, paradas, actividades extraescolares do alumnado, uso das instalacións escolares por persoas alleas ao centro...)

6.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

A. CCP

A finalidade desta comisión é garantir a coherencia e coordinación vertical da Concreción Curricular do centro.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica estará integrada por todos os membros do Claustro e estará presidida pola Directora do Centro.

Reunirase alomenos unha vez ao mes e dos acordos que se tomen levantará acta a persoa que actúe como Secretario/a desta comisión. Preferiblemente este cargo recaerá no Xefe do Departamento de Orientación.

As devanditas actas serán entregadas nos 3 primeiros días do mes na Dirección do Centro

B. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación estará integrado pola Xefa do Departamento, o/a mestre de AL e o/a mestre de PT. Destas reunións levantará acta a Xefa do Departamento de Orientación. Estas actas quedarán gardadas no Departamento de Orientación

C. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Equipo de dinamización da Lingua Galega estará composto polo seu/súa coordinador/a e polos mestres que o compoñen, procurando que haxa un mestre representante de cada ciclo e un membro do Equipo Directivo, así como algún mestre que pertenza tamén ao equipo de biblioteca e ao Equipo Tic para favorecer a colaboración entre os distintos equipos do Centro.

O/A coordinador/a deseñará o plan anual de actividades, realizará o seguimento do Plan de dinamización e elaborará a Memoria Final deste proxecto. O seguimento realizarase por trimestre e levantarase unha acta que será entregada na Dirección do Centro unha semana antes da entrega das cualificacións.

D. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Equipo de Actividade Complementarias e Extraescolares estará integrado polo/a seu/súa colaborador/a e os mestres que o compoñen.

E. EQUIPO DE BIBLIOTECA

O Equipo de biblioteca estará integrado pola súa coordinadora, un mestre da etapa de Educación Infantil e algún mestre da Etapa de Educación Primaria. Tamén deberá pertencer a este Equipo algún membro do Equipo Tic, coa finalidade de favorecer a edición dos Boletíns Informativos da Biblioteca e tamén aquel mestre que será o responsable do programa de Biblioteca Creativa para incentivar o emprego das novas tecnoloxías.

O/A coordinador/a deseñará o proxecto para participar anualmente no PLAMBE, elaborará o Plan Anual de Lectura, coordinará os labores dos membros do Equipo , elaborará a memoria final e fará o seguimento trimestral deste proxecto. A acta dese seguimento será entregada na Dirección do centro unha semana antes de rematar o trimestre.

F. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

O Equipo de Dinamización das Tic estará integrado polo coordinador do Equipo e os membros que colaborarán en todas as propostas, no deseño de cartelería, dípticos,.... Achegas para a páxina web, apoio para o uso de ferramentas .

O/A coordinador/a das TIC elaborará o proxecto anual das TIC, fará o seguimento trimestral do mesmo, xestionará as incidencias que sobreveñan nos equipos informáticos e fará a Memoria final.

G. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA CONVIENCIA

Este Equipo estará integrado pola Xefa de Estudos, que actuará como coordinadora, a Xefa do Departamento de Orientación e por algúns mestres titores que represente ao equipo docente de primaria. Tamén se fará un seguimento trimestral das súas actuacións. Neste Equipo terá unha relevancia especial a figura de coordinador/a de benestar emocional.

6.4. EQUIPO DE CICLO (INFANTIL)

Estará integrado pola súa coordinadora e polas mestras titoras de Educación Infantil e por todo o profesorado que imparte docencia nestes cursos.

Mensualmente o/a coordinador/a levantará acta dos acordos tomados , este documento será entregado na Dirección do Centro nos tres primeiros días do mes.

6.5. EQUIPO DOCENTE (PRIMARIA)

Coa LOMCE desaparecen os ciclos na Etapa de Educación Primaria. En Claustro decidiuse que para un mellor funcionamento e coordinación establécense os seguintes equipos:

- Equipo docente de 1º, 2º. Estará integrado polos titores (un deles será o coordinador) e por tódolos mestres que imparten docencia neses cursos.
- Equipo docente de 3º e 4º. Estará integrado polos titores, actuando un deles como coordinador, e por tódolos mestres que imparten docencia neses cursos.
- Equipo docente de 5º e 6º. Estará integrado polos titores e por tódolos mestres que imparten docencia neses cursos. Un destes mestres actuará como coordinador.

O mestre-coordinador levantará acta mensualmente dos acordos tomados. Esa acta será entregada na Dirección do Centro durante os tres primeiros días do mes

7. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

PROXECTO EDUCATIVO	Responsables da elaboración	Data Aprobación	Próxima revisión
Proxecto educativo (este documento)	Equipo directivo		Xuño 2023
Concreción curricular	CCP Claustro Departamentos	18-04-2018	Xuño 2022
Plan Xeneral de Atención á Diversidade	Depto. Orientación	Abril -2019	Xuño 2023
Plan de orientación (POA-Primaria)	Depto. Orientación	9-10-2020	Xuño 2023
Plan acción Titorial	Depto. Orientación Tutores	9-10-2020	Xuño 2023
Normas Organización e Funcionamento	Equipo directivo Profesorado	Abril- 2019	Xuño 2023
Plan de convivencia	Comisión Convivencia	4-2-2019	Xuño 2023
Proxecto Lingüístico	Equipo dinam. Lingua galega	15-10-18	Xuño 2022
Proxecto Lector	CCP Profesorado	2015	Xaneiro 2021
Plan Biblioteca	Coordinador Biblioteca Equipo de apoio	30-5-2020	Maió 2021
Plan Dixital	Equipo de dinam. TIC	Xuño de 2022	Xuño 2023
Promoción estilos de hábitos saudables	Equipo Específico	Outubro 2020	Setembro 2021
Plan innovación e formación permanente do profesorado.	CCP Equipo directivo	Setembro 2020	Setembro 2021
Plan Autoprotección-Plan evacuación	Equipo directivo Profesorado		
Programa colaboración e participación familias	Equipo directivo ANPA		

O plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, a promoción de estilos de hábitos saudables, o programa de colaboración e participación das familias son plans integrados na PXA e revisámoslos e adaptámoslos anualmente.

8. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

O presente documento, así como todos os que figuran na táboa seguinte, deben ser revisados cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as

circunstancias o esixan. Así mesmo, todos os plans/programas anteriores deberanse concretar anualmente na PXA.

O presente Proxecto Educativo, cos documentos que os compoñen, antes referidos, serán publicados na web do centro para a súa difusión e coñecemento.

INDICADOR	1	2	3	4
Aumentou a participación das familias na vida do centro				
Mellorou o rendemento académico do alumnado				
Mellorou a convivencia e participación nas actividades organizadas polo centro				
Leváronse a cabo as medidas previstas para acadar os obxectivos plantexados.				
Fomentouse a participación da comunidade escolar				
Logrouse unha coordinación efectiva entre os equipos, profesorado e os equipos docentes				